



CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Exposición pública da Conta Xeral do exercicio 2020.

Formada, rendida e informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, a CONTA XERAL correspondente ao EXERCICIO DE 2020, exponse ao público polo prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais.

Abadín, 20 de Agosto de 2021.- O alcalde, José María López Rancaño.

R. 2503

BARREIROS

Anuncio

Visto que corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Visto que durante os días 4 a 19 de setembro a alcaldesa atopárase ausente do Municipio por período vacacional.

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), **RESOLVO**

PRIMEIRO. Delegar en Antonio Veiga Outeiro, como Primeiro Tenente de alcalde a totalidade das funcións da Alcaldía dende o día 4 ó 19 de setembro de 2021, ambos incluídos.

SEGUNDO. A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO. O órgano delegado debe informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do ROF.

CUARTO. A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tácitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

QUINTO. Esta delegación publicárase no BOP, e farase pública a través do taboleiro de anuncios do concello, tanto o físico como o da sede electrónica municipal, e darase conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre.

SEXTO. No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen en devanditas normas.

Barreiros, 20 de agosto de 2021.- Alcaldesa, Ana Blelén Ermida Igrexas.

R. 2504

BECERREÁ

Anuncio

Téndose aprobado polo Pleno deste Concello en sesión plenaria de data 10 de xuño de 2021 a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Becerreá para o exercicio 2021, (expediente núm.: 1140/2020), de acordo co preceptuado polo artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e polo artigo 202.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, publicase as características do posto de traballo da área de obras e servizos que se modifica:

PERSOAL LABORAL

Denominación	dotación	Nivel de CD.	CE mensual	t.p.	f.p.	adscripción grupo	titulación académica	Funcións espec	observaciones
obras e servizos -oficial.	1	16	277,48	N.S.	C.	C2	ESO	Recurso preventivo	Vacante. Curso de Técnico de Prevención de Nivel Básico

Becerreá, 20 de agosto de 2021.- O Alcalde-Presidente, Don Manuel Martínez Núñez.

R. 2505

BURELA

Anuncio

Expediente n.º 1576/2021

APROBACIÓN INICIAL NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA LUGO.

O Pleno do concello de Burela, en sesión extraordinaria celebrada o día 20 de agosto de 2021, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos nº 1576/2021 do Orzamento en vigor, nas modalidades de suplemento de crédito e crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais por importe de 2.681.058,15 €.

O expediente expónse ao público polo prazo de quince días, da acordo co artigo 169 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais, na Intervención deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Todo iso, de conformidade ao establecido no artigo 177 en relación ao disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Burela, 20 de agosto de 2021.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCÍA.

R. 2506

Anuncio

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio 2020, expónse ao público polo prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o informe emitido pola Comisión Especial de Contas o día 17 de agosto de 2021. Durante este prazo, e oito días máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, que serán examinadas por esta Comisión, que practicará cantas comprobacións estime necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas á consideración do Pleno do Concello para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas de conformidade co disposto no artigo

212.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Burela, 20 de agosto de 2021.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2507

CASTRO DE REI

Anuncio

Aprobación definitiva do orzamento xeral para o exercicio de 2021

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 16 de xullo de 2021, aprobou inicialmente o orzamento xeral para o exercicio económico de 2021. O orzamento estivo exposto ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de quince días hábiles. Transcorrido sen reclamacións o período de información pública, queda elevado automaticamente a definitivo de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, publicándose de seguido o resumo por capítulos do mesmo.

ESTADO DE GASTOS

A.- OPERACIONES CORRIENTES		
Cap.	Descripción	Consignación
1	GASTOS DE PERSONAL	1.187.593,88
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	2.479.788,71
3	GASTOS FINANCIEROS	2.500,00
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	172.810,00
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	0,00
	Total operaciones Corrientes	3.842.692,59
B.- OPERACIONES DE CAPITAL		
Cap.	Descripción	Consignación
6	INVERSIONES REALES	924.113,89
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
	Total operaciones de Capital	924.113,89
	Total Presupuesto	4.766.806,48

ESTADO DE INGRESOS

A.- OPERACIONES CORRIENTES		
Cap.	Descripción	Consignación
1	IMPUESTOS DIRECTOS	1.075.000,00
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	175.000,00
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	531.600,00
4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	2.296.732,76
5	INGRESOS PATRIMONIALES	102.792,00

	Total operaciones Corrientes	4.181.124,76
	B.- OPERACIONES DE CAPITAL	
Cap.	Descripción	Consignación
6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	585.681,72
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
	Total operaciones de Capital	585.681,72
	Total Presupuesto	4.766.806,48

Publícase tamén o cadro de persoal desta Corporación, de acordo co preceptuado no art. 127 do RDL:

CADRO DO PERSOAL. EXERCICIO 2021. POSTOS DE TRABALLO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACION	NUMERO	VACANTES	GRUPO
1.-HABILITACION DE CARACTER ESTATAL			
1.1. Secretaria	1	0	A1
1.2. Interventora (agrupada con Outeiro de Rei)	1	0	A1
2.-ESCALA DE ADMINISTRACION XERAL			
Administrativos	1	(func. Interina)	C1
Auxiliares administrativos	2	0	C2
Alguacil- Portera	1	0	E
Auxiliar Biblioteca, arquivo e documentación Biblioteca	1	(func. Interina)	C2
3.-ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			
SUBESCALA TÉCNICA			
Técnico superior	1	(func. Interina)	A1

O que se publica para xeral coñecemento, sinalando que contra o acordo de aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente. Francisco Javier Balado Teijeiro.

Castro de Rei, 20 de agosto de 2021.- Alcalde-presidente, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 2508

CASTROVERDE

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 18 de agosto de 2021 prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xullo de 2021, e expónse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 18 de agosto de 2021.- Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2510

O CORGO

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS

No BOP de Lugo nº 191 do día 20 de agosto de 2021 publicáronse as bases que rexeraán o procedemento de selección de persoal laboral temporal a media xornada (1 conserxe para o CEIP) que se contrate no Concello do Corgo ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación dos concellos 2021 da Deputación Provincial de Lugo.

Detectados erros na devandita publicación, corríxese do seguinte xeito:

- No título, onde di “Bases que rexerán o procedemento de selección de persoal laboral temporal a media xornada (1 conserxe para o CEIP) que se contrate no Concello do Corgo ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 da Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego “Programa Fomento do Emprego 2021”, debe dicir: “Bases que rexerán o procedemento de selección de persoal laboral temporal a media xornada (1 conserxe para o CEIP) que se contrate no Concello do Corgo ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos **2021** da Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego “Programa Fomento do Emprego 2021”.
- Na base décimo terceira, onde di: “este programa está financiado a través do plan provincial único de cooperación cos concellos 2020 da Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego “Programa Fomento do Emprego 2021”, debe dicir: “este programa está financiado a través do plan provincial único de cooperación cos concellos **2021** da Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego “Programa Fomento do Emprego 2021”

O Corgo, 20 de agosto de 2021.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reiña.

R. 2511

LOURENZÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA XIMNASIO

AGOSTO 2021

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data 18 DE AGOSTO DE 2021, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO correspondente ao mes de AGOSTO de 2021 por importe de 1037,27 EUROS (MIL TRINTA E SETE CON VINTASETE EUROS)

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 18 de Agosto de 2021.- A Alcadesa – Presidente, D^a. Rocío López García.

R. 2512

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. XULLO 2021

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 18 de agosto de 2021, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Xullo de 2021 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil catro centos sesenta e nove euros con sesenta e tres céntimos de euro(3.469,63€) , dos que tres mil cento setenta e tres euros con trinta e oito céntimos de euro (3.163,38€) correspondente a dependencia , e tres centos seis euros con vinte e cinco céntimos de euro (306,25€) son de libre concorrencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcadesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 18 de agosto de 2021.- A Alcadesa – Presidente, D^a. Rocío López García.

R. 2513

MONTERROSO

Anuncio

O Pleno do Concello de Monterroso en sesión ordinaria celebrada o 29/06/21 acordou aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos nas instalacións deportivas e de recreo municipal do Concello de Monterroso. O citado acordo foi exposto ao público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de 8 de xullo de 2021 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

“Aprobar a modificación dos artigos 4, 5 e 6 da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos nas instalacións deportivas e de recreo municipal do Concello de Monterroso ca redacción que se expón a continuación:

ARTIGO 4.-COTAS

As tarifas serán as seguintes:

A) Pavillón municipal Práctica de deporte regular 5 €/1:30 horas

- Aniversarios 25 €
 Partidos entre rapaces
 Horario do espazo Gratuíto
 Fora de horario 5 €
 B) Auditorio Práctica de deporte regular 5 €/1:30 horas
 Aniversarios 25 €
 Partidos entre rapaces
 Horario do espazo Gratuíto
 Fora de horario 5 €
 C) Salón de Actos Centro Sociocultural 100 €
 D) Carpa 70 €
 E) Pistas de Pádel 1 ´ 5 h. sen luz 8 €
 1 ´ 5 h. con luz 12 €

Todos estes prezos non inclúen o IVE, que será de aplicación conforme á normativa vixente.

ARTIGO 5º. NORMAS XERAIS

- Os usuarios están obrigados a manter en perfecto estado os servizos e instalacións deportivas e seguir as instrucións do persoal encargado das ditas instalacións.
- Non estarán suxeitas a este prezo aquelas utilizacións da instalación que correspondan a competicións organizadas por iniciativa do Concello ou patrocinados polo Concello, ou que así se recollan en convenios asinados.
- As solicitudes para a utilización destas instalacións deberán presentarse coa suficiente antelación e por escrito no Espazo Cultural Lorenzo Varela salvo no caso das pistas de pádel que deberán reservarse a través da aplicación habilitada a tal efecto.

ARTIGO 6º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Estarán exentos dos prezos públicos establecidos nas letras A), B) ,C) e D) as asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións

O prezo público establecido na letra E (pistas de pádel) está bonificado cun 50% para os usuarios que teñan o carné de socio. Para obter o carné de socio será necesario estar empadroadado no Concello de Monterroso.

Segundo.-Dar ao expediente de modificación de ordenanzas fiscal a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición dos mesmos no taboleiro de anuncios do concello de Monterroso e no Boletín Oficial da Provincia no prazo de trinta días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examinar os expedientes e plantexar as reclamacións que estimen oportunas. No suposto de que non se formularan reclamacións ao expediente no prazo indicado, o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas Locais.

Terceiro.- A modificación da ordenanza fiscais entrará en vigor e comezará a súa aplicación ao día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da provincia da aprobación definitiva da mesma así como do texto íntegro da modificación.”

Monterroso, 20 de agosto de 2021.- Alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 2514

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado, ó non presentarse ningunha reclamación na súa contra, o **expediente de modificación de créditos Nº5/2021**, que comprende **suplementos de créditos por importe de 187.388,73 €**, financiado con cargo ó remanente líquido de tesoureiría para gastos xerais, derivado da liquidación do exercicio 2020, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o *T.R. da Lei Reguladora das Facendas Locais*, faise público que, trala aprobación do expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2021, é o seguinte:

Capítulo 1	727.398,57 €
Capítulo 2	418.035,96 €
Capítulo 4	11.910,00 €
Capítulo 6	<u>502.161,30 €</u>
TOTAL ORZAMENTO	1.659.505,83 €

A Proba, 23 de agosto de 2021.- O Alcalde, D. José Fernández Fernández.

R. 2525

PALAS DE REI

Anuncio

Aprobación da Conta Xeral do Orzamento de 2020.

Asunto: Ditame favorable á Conta Xeral do Orzamento de 2020

Órgano: Comisión Especial de Contas.

Obxecto da publicación: Información pública da Conta Xeral do Orzamento de 2020 do Concello de Palas de Rei. Acceso á documentación do expediente 303/2021.

Efectos: Reclamacións, alegacións ou reparos das persoas que reúnan a condición de interesadas.

Prazo de acceso ao expediente e formulación de reclamacións: 15 días, a contar do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Normativa reguladora:

- Artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Palas de Rei, 20 de agosto de 2021.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 2509

VILALBA

Anuncio

DECRETO de S. S^a a alcaldesa, dona Elba Veleiro Fernández.

Visto que, mediante o decreto número 377 de data 2/07/2019, ó abeiro e de conformidade coas atribucións conferidas no art. 43 e seguintes do ROF, esta alcaldía resolveu realizar, a favor dos/as concelleiros/as que a continuación se sinalan, as delegacións especiais seguintes:

A don Luis Fernández Álvarez: Economía, Facenda, Infraestructuras e Urbanismo

Destas delegacións deuse conta ó Pleno, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 4/07/2019, no punto de “coñecemento de resolucións da alcaldía”, e publicáronse no BOP núm. 157 do 10/07/2019.

Visto que na dita sesión extraordinaria de organización municipal, aprobáronse, entre outros asuntos, o réxime de dedicacións exclusivas e parciais, creándose as seguintes:

- Crear, segundo o establecido nos **artigos 75.1, 75 bis e 75 ter da Lei 7/85**, unha dedicación exclusiva de concellería con xornada laboral completa, e cunha retribución anual bruta de **23.000 euros**, distribuído en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.
- Crear, segundo o que se dispón nos **arts. 75.2 e 75 bis da Lei 7/85**, unha dedicación parcial de concellería, con **xornada laboral ao 65%**, e unha retribución anual bruta de **14.950 euros**, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.
- Crear, segundo o que se dispón nos **arts. 75.2 e 75 bis da Lei 7/85**, unha dedicación parcial de concellería con **xornada laboral ao 65%**, e unha retribución anual bruta de **14.950 euros**, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.

- Crear, segundo o que se dispón nos **arts. 75.2 e 75 bis da Lei 7/85**, unha dedicación parcial de concellería con xornada laboral ao 65%, e unha retribución anual bruta de **14.950 euros**, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.
- Crear, segundo o que se dispón nos **arts. 75.2 e 75 bis da Lei 7/85**, unha dedicación parcial de concellería con xornada laboral ao 15%, e unha retribución anual bruta de **3.450 euros**, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.

Visto asimesmo que, mediante o decreto núm. 390 do 11/07/2019, esta alcaldía resolveu designar ós seguintes membros da Corporación, para desempeñar os seus cargos con dedicación exclusiva ou parcial:

- A don Luis Fernández Álvarez, con DNI nº 33858087V, para a dedicación parcial de concellería con **xornada laboral ao 15%**, e unha retribución anual bruta de **3.450 euros**, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.

A dita dedicación publicouse no BOP núm. 166 do 20/07/2019, e aceptouse polo Sr. Fernández Álvarez no documento que asinou, o día 11/07/2019, ante a secretaria deste Concello, nos termos expresados neste.

Considerando o volume de traballo da Concellería delegada, Economía, Facenda, Infraestruturas e Urbanismo, tendo en conta ademáis as actuais circunstancias que requiren de maiores actuacións por parte das administracións, neste caso, da local, no ámbito económico que axuden a paulatina reactivación e recuperación, na marxe das competencias legalmente atribuídas,

Visto o disposto nos arts. 44 e 120 do ROF, que dín:

Artículo 44.

1. Todas las delegaciones a que se refiere el artículo anterior serán realizadas mediante Decreto del Alcalde que contendrá el ámbito de los asuntos a que se refiere la delegación, las facultades que se deleguen, así como las condiciones específicas de ejercicio de las mismas, en la medida en que se concreten o aparten del régimen general previsto en este Reglamento.
2. La delegación de atribuciones del Alcalde surtirá efecto desde el día siguiente al de la fecha del Decreto, salvo que en ella se disponga otra cosa, sin perjuicio de su preceptiva publicación en el «Boletín Oficial» de la Provincia y en el municipal, si existiere.
3. Las normas de los apartados anteriores serán aplicables a cualquier modificación posterior de las delegaciones.
4. De todas las delegaciones y de sus modificaciones se dará cuenta al Pleno en la primera sesión que éste celebre con posterioridad a las mismas.

Artículo 120.

1. Los Concejales-Delegados y los Diputados-Delegados son aquellos Concejales y Diputados que ostentan algunas de las delegaciones de atribuciones del Alcalde o Presidente, previstas en los números 3, 4 y 5 de los artículos 43 y 63, respectivamente, de este Reglamento.

2. Se pierde la condición de Concejales-Delegados o de Diputados-Delegados:

1. Por renuncia expresa, que habrá de ser formalizada por escrito ante la Alcaldía o Presidencia.
2. Por revocación de la delegación, adoptada por el Alcalde o Presidente con las mismas formalidades previstas para otorgarla.
3. Por pérdida de la condición de miembro de la Comisión de Gobierno o en aquellos Municipios donde ésta no exista, de la de Teniente de Alcalde, en el caso de las delegaciones a que se refieren los artículos 43.3 y 63.3, respectivamente, de este Reglamento.

Visto o disposto no art. 75.1 da Lei 7/85, reguladora das Bases do Réxime Local, que dí:

Artículo 75.

1. Los miembros de las Corporaciones locales percibirán retribuciones por el ejercicio de sus cargos cuando los desempeñen con dedicación exclusiva, en cuyo caso serán dados de alta en el Régimen general de la Seguridad Social, asumiendo las Corporaciones el pago de las cuotas empresariales que corresponda, salvo lo dispuesto en el artículo anterior.

En virtude do disposto nos citados artigos 44 e 120 do ROF, e 75.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e no uso das atribucións que me confire o art. 21 da dita Lei 7/85, RESOLVO:

Primeiro. Deixar sen efecto a designación a don Luis Fernández Álvarez mediante o decreto núm. 390 do 11/07/2019, para a dedicación parcial de concellería con xornada laboral ao 15%, e unha retribución anual bruta de 3.450 euros, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.

Segundo. Designar a don Luis Fernández Álvarez con DNI nº 33858087V para a dedicación exclusiva de concellería con xornada laboral completa, e cunha retribución anual bruta de 23.000 euros, distribuído en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.

Terceiro. Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello.

Cuarto. Notificar o presente decreto a don Luis Fernández Álvarez para a súa aceptación expresa, momento en que a presente resolución surtirá efectos económicos.

Quinto. Dar conta da presente Resolución ó Pleno na seguinte sesión que se celebre.

Mándao e asínoa S. Sª a alcaldesa, do que eu, secretaria accidental, María Carmen Carreiras Galdo, dou fe.

Vilalba, 17 de agosto de 2021.- Alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 2515

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E FUNCIÓN PÚBLICA

ÁREA DE INDUSTRIA E ENERXÍA. DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA

Anuncio

Área de Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en Galicia y de la Subdelegación del Gobierno en Pontevedra, por el que se somete a información pública el Estudio de Impacto Ambiental y la solicitud de Autorización Administrativa Previa del Parque Eólico A Boibela de 72 MW y su infraestructura de evacuación, en las provincias de Lugo y Ourense.

A los efectos de lo establecido en los artículos 53.1 a) y 55 de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico, artículo 36 de la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de Evaluación Ambiental y los artículos 124, 125 y 144 del Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica, modificado por el Real Decreto-ley 23/2020, de 23 de junio, por el que se aprueban medidas en materia de energía y en otros ámbitos para la reactivación económica, así como el artículo 83 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, se somete al trámite de información pública, de forma conjunta, el Estudio de Impacto Ambiental y la solicitud de Autorización Administrativa Previa de las instalaciones de generación de energía eléctrica cuyas características se indican a continuación:

- Peticionario: GREEN CAPITAL DEVELOPMENT 116, S.L. U., CON C.I.F. B88645072, y domicilio social en C/Marqués de Villamagna 3, planta 5, 28042 Madrid; y domicilio a efecto de notificaciones en Rúa Fernando de Casas Novoa 35, bloque B, planta 2ª, puerta B, 15707 de Santiago de Compostela.

- Denominación: Parque eólico A Boibela de 72 MW y su infraestructura de evacuación.

- Código del proyecto: PEol-376

- Descripción de las instalaciones proyectadas:

1. Parque eólico A Boibela de 72 MW de potencia nominal, que estará integrado por doce (12) aerogeneradores tripala de 170 m de diámetro, de 6.000 kW de potencia nominal unitaria y 115 m de altura de buje.

2. El sistema eléctrico de media tensión permite conducir la energía eléctrica generada desde cada aerogenerador hasta la subestación transformadora a construir y perteneciente al parque eólico denominada "A Boibela" 30/220kV y de ahí mediante una línea aérea de alta tensión de 220kV hasta el punto de conexión.

3. Para llevar a cabo esta evacuación de energía, entran en juego distintas instalaciones eléctricas que podremos separar en:

- Centros de transformación en cada uno de los aerogeneradores, 0,69/30kV.

- Red subterránea de media tensión de evacuación, 30kV.

- Subestación elevadora de tensión "A Boibela"30/220kV.

- Línea Aérea de Alta Tensión de evacuación 220kV.

- Punto de conexión. SET Trives 220kV.

Desde el generador de cada turbina se conduce la energía a la tensión de generación de 690 V hasta el centro de transformación de cada aerogenerador.

En el centro de transformación, que esencialmente consta de un transformador de potencia con sus elementos de protección y maniobra, se transforma la energía eléctrica de la tensión de generación de 0,690kV a 30kV.

Cada uno de los aerogeneradores de las alineaciones de las que consta el parque forma circuitos que van recogiendo la energía hasta la subestación a la tensión de 30kV. Estos circuitos soterrados a lo largo de los caminos diseñados, con una o varias ternas de cables unipolares aislados con entrada y salida en cada torre a las celdas del centro de transformación, sin empalmes intermedios.

Para la evacuación eléctrica en 30kV se proyectan canalizaciones directamente enterradas en lecho de arena. La potencia generada será evacuada a través de la subestación que aumentará la tensión hasta 220kV, ubicada en las coordenadas ETRS8929N (X: 637.606 Y: 4.720.789). La energía producida por el parque eólico se evacuará, desde la subestación "A Boibela" mediante una línea eléctrica aérea de 220kV, hasta la subestación de transporte de Trives, ubicada aproximadamente en las coordenadas ETRS 89, Huso29N (X: 641.492 Y: 4.689.577), a una distancia aproximada de 36,44 metros. La conexión se realizará en una nueva posición de 220kV.

En las torres metálicas de cada aerogenerador se establece una puesta a tierra, y se interconectan todas mediante un circuito que discurre por las mismas zanjas que los circuitos de potencia anteriores.

En las mismas zanjas de los circuitos de potencia y de puesta a tierra se instala el circuito de control, compuesto por cable de fibra óptica con entrada y salida en cada torre de sustentación al cuadro de control del aerogenerador.

- Municipios afectados: O Incio, A Pobra de Brollón, Quiroga y Ribas de Sil, ubicados en la provincia de Lugo, y San Xoán de Río y Pobra de Trives, en la provincia de Ourense.

- Presupuesto: 62.442.136,00 euros.

- La ubicación de los aerogeneradores proyectados será la especificada en la siguiente tabla mediante coordenadas UTM (ETRS89 Huso 29N):

AEROGENERADOR	UTM X	UTM Y
BBL-01	635.501	4.721.329
BBL-02	635.995	4.721.180
BBL-03	636.521	4.720.927
BBL-04	636.914	4.721.264
BBL-05	637.426	4.721.320
BBL-06	637.920	4.721.186
BBL-07	638.375	4.720.948
BBL-08	638.837	4.720.722
BBL-09	639.175	4.720.339
BBL-10	638.658	4.719.291
BBL-11	639.697	4.719.389
BBL-12	639.748	4.719.967

El órgano competente para resolver la autorización administrativa previa es la Dirección General de Política Energética y Minas del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico.

El proyecto del parque eólico A Boibela y su infraestructura de evacuación están sujetos a evaluación de impacto ambiental ordinaria, en virtud de lo definido en el artículo 7.1.a de la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental. El órgano ambiental competente para emitir la declaración de impacto ambiental es la Dirección General Calidad y Evaluación Ambiental del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico.

De conformidad con lo previsto en el artículo 53.1.a de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, la tramitación de ambos procedimientos (Autorización Administrativa Previa y Evaluación de Impacto Ambiental) se está efectuando de manera conjunta.

Corresponde a las Áreas de Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en Galicia (que actúa sobre la provincia de Lugo) y de la Subdelegación del Gobierno en Pontevedra (que actúa sobre la provincia de Ourense) la tramitación de ambos procedimientos, en la parte correspondiente a cada provincia, por lo que esos son los órganos a los que pueden dirigirse observaciones, alegaciones y consultas.

Lo anteriormente expuesto se hace público para conocimiento general, y especialmente de los interesados y afectados, para que pueda ser examinados el proyecto de las instalaciones y el estudio de impacto ambiental y obtener la información pertinente en el Área de Industria y Energía situada en la Delegación de Gobierno en Galicia, Plaza de Ourense, nº 11, A Coruña, C.P. 15003, o en el Área de Industria y Energía de la Subdelegación del Gobierno en Pontevedra, sita en Plaza de España, s/n, 36002, Pontevedra.

Las alegaciones que se estimen convenientes se podrán presentar, dirigidas al Área de Industria y Energía de la correspondiente provincia, y en el plazo de 30 días hábiles a partir del siguiente al de la publicación del presente anuncio, a través el Registro Electrónico de la Administración General del Estado (<https://rec.redsara.es>) o por cualquier otro de los medios establecidos en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se advierte que las personas jurídicas, las entidades sin personalidad jurídica y otros sujetos identificados en el artículo 14 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, están obligados a relacionarse por medios electrónicos con las Administraciones Públicas para la realización de cualquier trámite de un procedimiento administrativo. Con tal motivo, las alegaciones formuladas por cualquiera de esos sujetos en este trámite de información pública deben obligatoriamente presentarse por medios electrónicos.

Para aquellos sujetos que no están obligados a relacionarse por medios electrónicos, la consulta presencial requerirá solicitar cita previa llamando al teléfono 981 98 95 59 o enviando un correo electrónico a industria.acoruna@correo.gob.es (Área de Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en Galicia), o teléfono 986 98 92 35, y correo electrónico industria.pontevedra@correo.gob.es (Área de Industria y Energía de la Subdelegación del Gobierno en Pontevedra).

El proyecto de las instalaciones y el estudio de impacto ambiental también podrán ser consultados a través del siguiente enlace:

<https://ssweb.seap.minhap.es/almacen/descarga/envio/8c3b68f087a7f1cd242048b87fe80ee7b57616c9>

También se puede consultar en la sede electrónica de la Delegación del Gobierno en Galicia en “Procedimientos de información pública” dentro del apartado “Proyectos, Campañas e Información”.

(https://www.mptfp.gob.es/portal/delegaciones_gobierno/delegaciones/galicia/proyectos-ci/INFORMACION_PUBLICA/INSTALACIONES_ELECTRICAS.html).

La documentación anterior también ha sido puesta a disposición de cada uno de los Ayuntamientos afectados.

A Coruña, 20 de agosto de 2021.- El Director del Área de Industria y Energía, Javier Domínguez González.

R. 2516